

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP PLURILINGÜE LAGOSTELLE

CURSO: 5º de Educación Primaria (A e B)

MATERIAS: Matemáticas, Lingua Castelá e Literatura, Lingua Galega e Literatura, Ciencias da Natureza, Ciencias Sociais e Valores Sociais e Cívicos

TITORÍA: Xoel Gutiérrez Roca (5º A) e Lucía Lorenzo López (5º B)

DATA: 12-05-2020

ÍNDICE

1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
2. **Avaliación e cualificación.**
3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
4. **Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

ÁREA DE MATEMÁTICAS

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.3. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais inherentes ao traballo matemático.	MTB1.3.2. Iniciase na formulación de preguntas e na busca de respostas apropiadas, tanto no estudo dos conceptos coma na resolución de problemas.
B2.6. Coñecer, utilizar e automatizar algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións da vida cotiá.	MTB2.6.1. Emprega e automatiza algoritmos estándar de suma, resta, multiplicación e división con distintos tipos de números, en comprobación de resultados en contextos de resolución de problemas e en situacións cotiás.
B3.2. Operar con diferentes medidas.	MTB3.2.1. Suma e resta medidas de lonxitude, capacidade, masa e superficie en forma simple dando o resultado na unidade determinada de antemán.
B1.5. Reflexionar sobre as decisións tomadas, aprendendo para situacións semellantes futuras.	MTB1.5.1. Iníciase na reflexión sobre os problemas resoltos e os procesos desenvolto, valorando as ideas claves, aprendendo para situacións futuras semellantes.
B2.4. Utilizar os números enteiros, decimais e fraccionarios para interpretar e intercambiar información en contextos da vida cotiá.	MTB2.4.1. Opera cos números coñecendo a xerarquía das operacións. MTB2.4.2. Utiliza diferentes tipos de números en contextos reais, establecendo equivalencias entre eles, identificándoos e utilizándoos como operadores na interpretación e resolución de problemas. MTB2.4.3. Estima e comproba resultados mediante diferentes estratexias.
B3.2. Operar con diferentes medidas.	MTB3.2.1. Suma e resta medidas de lonxitude, capacidade, masa e superficie en forma simple dando o resultado na unidade determinada de antemán.

	<p>MTB3.2.2. Expresa en forma simple a medición da lonxitude, capacidade ou masa dada en forma complexa e viceversa.</p> <p>MTB3.2.3. Compara e ordena medidas dunha mesma magnitude.</p>
<p>3.3. Coñecer as unidades de medida do tempo e as súas relación, utilizándoseas para resolver problemas da vida diaria.</p>	<p>MTB3.3.1. Realiza equivalencias e transformacións entre horas, minutos e segundos.</p>
<p>B3.4. Coñecer o sistema sesaxesimal para realizar cálculos con medidas angulares.</p>	<p>MTB3.4.1. Identifica o ángulo como medida dun xiro ou abertura.</p>
<p>B4.1. Utilizar as nocións xeométricas de paralelismo, perpendicularidade, simetría, xeometría, perímetro e superficie para describir e comprender situacións da vida cotiá.</p>	<p>MTB4.1.2. Traza unha figura plana simétrica doutra respecto dun eixe.</p>
<p>B5.4. Identificar e resolver problemas da vida cotiá axeitados ao seu nivel, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas e valorar a utilidade dos coñecementos matemáticos axeitados reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas.</p>	<p>MTB5.4.1. Resolve problemas que impliquen dominio dos contidos propios da estatística e probabilidade, utilizando estratexias heurísticas, de razoamento (clasificación, recoñecemento das relacións, uso de exemplos contrarios...), creando conxecturas, construíndo, argumentando e tomando decisións, valorando as consecuencias destas e a conveniencia da súa utilización.</p> <p>MTB5.4.2. Reflexiona sobre o proceso de resolución de problemas revisando as operacións utilizadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto e propoñendo outras formas de resolvelo.</p>

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

ÁREA DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B3.1. Producir textos segundo un modelo con diferentes intencións comunicativas, con coherencia, aplicando as regras ortográficas e coidando a caligrafía, a orde e a presentación.	<p>LCB3.1.1. Escribe, en diferentes soportes, textos sinxelos propios da vida cotiá e do ámbito social e escolar, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos e argumentativos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios, prescritivos e persuasivos): diarios, cartas, correos electrónicos, noticias, contos, folletos informativos e literarios, narracións, textos científicos, anuncios publicitarios, regulamentos, receitas, instrucións, normas...</p> <p>LCB3.1.2. Escribe textos organizando as ideas con cohesión básica e respectando as normas gramaticais e ortográficas.</p> <p>LCB3.1.3. Escribe, de forma creativa, diferentes tipos de textos adecuando a linguaxe ás características do xénero.</p> <p>LCB3.1.6. Presenta os seus textos con caligrafía clara e limpeza.</p>
B3.3. Aplicar todas as fases do proceso de escritura na produción de textos escritos de distinta índole: planificación, textualización, revisión e reescritura, utilizando esquemas e mapas conceptuais, aplicando estratexias de tratamento da información, redactando os seus textos con claridade, precisión e corrección e avaliando, coa axuda de guías, as producións propias e alleas.	<p>LCB3.3.1. Aplica correctamente os signos de puntuación, as regras de acentuación e ortográficas propias do nivel nos seus textos escritos.</p> <p>LCB3.3.2. Reproduce textos ditados, logo de identificar o sentido global e a información específica neles.</p>
B3.5. Elaborar proxectos individuais ou colectivos sobre diferentes temas do área.	LCB3.5.2. Elabora con creatividade textos do seu interese: contos, anuncios, rimas, cancións, cómics, carteis...facendo ilustracións e buscando imaxes dixitais para facilita a súa comprensión ou mello-

	rar a súa presentación.
B4.1. Aplicar os coñecementos básicos sobre a estrutura da lingua, a gramática (categorías gramaticais), o vocabulario (formación e significado das palabras e campos semánticos), así coma as regras de ortografía para favorecer unha comunicación máis eficaz.	LCB4.1.1. Coñece e recoñece as categorías gramaticais pola súa función na lingua: presentar ao nome, substituír ao nome, expresar características do nome, expresar accións ou estados, enlazar ou relacionar palabras. LCB4.1.2. Utiliza con corrección os tempos simples e compostos nas formas persoais e non persoais do modo indicativo e subxuntivo de todos os verbos ao producir textos orais e escritos.
B4.2. Desenvolver as destrezas e competencias lingüísticas a través do uso da lingua.	LCB4.2.3. Identifica e clasifica os diferentes tipos de palabras nun texto.
B4.5. Utilizar programas educativos dixitais para realizar tarefas e avanzar na aprendizaxe.	LCB4.5.1. Utiliza distintos programas educativos dixitais e outros recursos didácticos ao seu alcance e propios da súa idade, como apoio e reforzo da aprendizaxe.

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

ÁREA DE LINGUA GALEGA E LITERATURA

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B3.4. Elaborar textos breves e sinxelos con creatividade.	LGB3.4.1. Elabora textos sinxelos que combinan a linguaxe verbal e non verbal: carteis publicitarios, anuncios, cómic, contos, poemas, cancións e anécdotas.
B3.6. Utilizar recursos gráficos e paratextuais que faciliten a comprensión dos textos e contribúan á súa ilustración creativa.	LGB3.6.1. Usa recursos gráficos e paratextuais para facilitar a comprensión dos textos e ilustralos de maneira creativa.
B4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, funcionalmente, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua.	LGB4.1.1. Recoñece as diferentes categorías gramaticais pola súa función na lingua: substantivo, artigo, pronome, adxectivo, adverbio, verbo e preposición. LGB4.1.2. Conxuga e usa con corrección as formas verbais persoais e non persoais dos verbos. LGB4.1.3. Diferencia as sílabas que conforman cada palabra, diferenciando a sílaba tónica das átonas.
B4.2. Coñecer e aplicar, de forma xeral, as normas ortográficas xerais e as de acentuación en particular, apreciando o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.	LGB4.2.2. Coñece e utiliza as normas ortográficas, aplicándoas nas súas producións escritas con especial atención nas regras do h, b/v, c/cc, s/x, ll/i/x.
B4.4. Recoñecer e empregar os conectores básicos, así como outros elementos de cohesión.	LGB4.4.1. Usa diversos conectores básicos entre oracións: causa, consecuencia, finalidade, contradición...
B4.7. Ampliar o vocabulario a partir do uso do dicionario e do traballo e reflexión sobre as palabras que conforman a lingua.	LGB4.7.1. Usa axeitadamente o dicionario en papel ou dixital para buscar calquera palabra, seleccionando a acepción precisa segundo cada contexto e como consulta ortográfica.

<p>B5.3. Identificar as características dos diferentes xéneros e as figuras literarias, así como temas recorrentes.</p>	<p>LGB5.3.3. Identifica e emprega algunhas figuras literarias: comparacións, personificacións, hipérbolos e xogos de palabras.</p>
<p>B2.7. Ler expresivamente textos de diversa tipoloxía (dramatizando cando é preciso) con fluidez e precisión, atendendo á dicción, entoación, intensidade de voz, ritmo e velocidade, adecuados ás diversas situacións funcionais da lectura en voz alta (ler para que alguén goce escoitando, ler para dar a coñecer un texto descoñecido, ler para compartir información que se acaba de localizar) facendo participar a audiencia da súa interpretación.</p>	<p>LGB2.7.5. Fai lecturas dramatizadas de textos.</p>
<p>B3.1. Usar, de maneira xeral, as estratexias de planificación, textualización e revisión do texto.</p>	<p>LGB3.1.4. Aplica, de maneira xeral, a norma lingüística: ortografía, acentuación, léxico, morfosintaxe e usa, habitualmente, unha linguaxe non sexista.</p> <p>LGB3.1.3. Utiliza os signos de puntuación (punto, coma, punto e coma, dous puntos, puntos suspensivos, signos de exclamación e interrogación).</p>

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

ÁREA DE CIENCIAS DA NATUREZA

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.4. Realizar proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións e presentar informes coas conclusións en diferentes soportes.	CNB1.4.1. Realiza proxectos, experiencias sinxelas e pequenas investigacións formulando problemas, enunciando hipóteses, seleccionando o material necesario, realizando, extraendo conclusións e comunicando os resultados.
B3.2. Coñecer diferentes niveis de clasificación dos seres vivos, atendendo ás súas características e tipos.	CNB3.2.1. Clasifica aos seres vivos e nomea as principais características atendendo ao seu reino: Reino animal. Reino das plantas. Reino dos fungos e outros reinos empregando criterios científicos e medios tecnolóxicos.
B3.3. Investigar as características de ecosistemas do seu contorno mediante a recollida de datos, facendo hipóteses, empregando diversas fontes de información e presentando os resultados en diferentes soportes, mostrando interese pola rigorosidade e hábitos de respecto e coidado cara aos seres vivos.	<p>CNB3.3.1. Coñece e explica, con rigorosidade, as principais características e compoñentes dun ecosistema.</p> <p>CNB3.3.3. Identifica algunhas actuacións humanas que modifican o medio natural e as causas de extinción de especies e explica algunhas actuacións para o seu coidado.</p> <p>CNB3.3.5. Observa e rexistra algún proceso asociado á vida dos seres vivos, utiliza os instrumentos e os medios audiovisuais e tecnolóxicos apropiados e comunica de xeito oral e escrito os resultados.</p>
B4.1. Coñecer e comparar para clasificar materiais segundo as súas propiedades observables: dureza, solubilidad, estado de agregación e condutividade térmica.	CNB4.1.1. Coñece e clasifica materiais segundo as súas propiedades (dureza, solubilidad, estado de agregación e condutividade térmica).
B4.3. Identificar e explicar as características das fontes de enerxía renovables e non renovables e a súa influencia no desenvolvemento sostible.	CNB4.3.1. Identifica e explica as diferenzas entre enerxías renovables e non renovables e argumenta sobre as accións necesarias para o desenvolvemento enerxético, sostible e equitativo.

B5.2. Investigar sobre a evolución dun obxecto, aparello ou máquina ao longo da historia, utilizando distintas fontes de información e presentando os resultados en diferentes soportes.

CNB5.2.1. Coñece algúns dos grandes descubrimentos e inventos da humanidade e explica os beneficios ou riscos para á sociedade.

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

ÁREA DE CIENCIAS SOCIAIS

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B3.5.Comprender e interpreta os principais conceptos demográficos e os factores xeográficos, sociais, económicos ou culturais que inciden nos datos de poboación.	CSB3.5.1.Define demografía e poboación, comprende os principais conceptos demográficos e os principais factores que afectan á de poboación. CSB3 5.2.Interpreta unha pirámide de poboación e outros gráficos usados no estudo da poboación.
B3.6.Distinguir os principais trazos da poboación española explicando a súa evolución e a súa distribución demográfica e representándoa graficamente.	CSB3.6.4 Sitúa nun mapa os maiores núcleos de poboación en España e as zonas máis densamente poboadas.
B3.7.Describir os movementos migratorios da poboación galega e de España explicando o éxodo rural, a emigración a Europa, e a chegada de emigrantes ao noso país e identificar os problemas actuais da poboación española.	CSB3.7.1 Explica o éxodo rural, a emigración a Europa, e a chegada de inmigrantes ao noso país.
B4.1.Explicar as características de cada tempo histórico estudado e certos acontecementos desas épocas que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia.	CSB4.1.1. Identifica a idea de idade da historia e data a Idade Media e Moderna, asociándoas aos feitos que marcan os seus inicios e finais.
B4.2.Coñecer a importancia das fontes históricas para o estudo da historia, diferenciando entre fontes primarias e secundarias.	CSB4.2.1.Coñece algunhas fontes da historia representativas de cada unha das idades da historia, facendo fincapé na Idade Contemporánea.
B4.4.Identificar e localizar no tempo e no espazo os procesos e acontecementos históricos, políticos, sociais e culturais máis relevantes da historia de España para adquirir unha perspectiva global da súa evolución.	CSB4.4.1.Sitúa nunha liña do tempo as etapas históricas máis importantes da Idade Media e Idade Moderna en España. CSB4.4.2.Identifica e localiza no tempo e no espazo os feitos fundamentais da his-

	toria medieval e moderna de España, describindo as principais características de cada unha delas.
--	---

Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

ÁREA DE VALORES SOCIAIS E CÍVICOS

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.4. Adquirir capacidades para tomar decisións de forma independente, manexando as dificultades para superar frustracións e sentimentos negativos ante os problemas.	5°-VSCB1.4.1 Utiliza o pensamento creativo na análise de problemas e na formulación de propostas de actuación.
B1.5. Desenvolver a autonomía e a capacidade de emprendemento para conseguir logros persoais responsabilizándose do ben común.	5°-VSCB1.5.1 Identifica, define problemas sociais e cívicos e achega solucións potencialmente efectivas.
B2.4. Empregar a aserción.	5°-VSCB2.4.1 Realiza unha defensa tranquila e respectuosa das posicións persoais. 5°-VSCB2.4.2 Emprega a linguaxe positiva.
B3.5. Comprender o sentido da responsabilidade social e a xustiza social empregando a capacidade de reflexión, síntese e estruturación.	5°-VSCB3.5.1 Razona o sentido da responsabilidade social e da xustiza social. 5°-VSCB3.5.3 Describe condutas solidarias.

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	<p><u>5° A</u></p> <p>Procedementos: avaliarase, sen que supoña un prexuízo para o alumnado respecto ao traballo xa efectuado na aula, as tarefas resoltas que me envían de xeito telemático (imaxes, documentos e outro tipo de formatos).</p> <p><u>5° B</u></p> <p>Procedementos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Análise da produción do alumnado. • Gravacións e análise.
	<p><u>5°A</u></p> <p>Instrumentos: exercicios, traballos, problemas, retos... programados para o terceiro trimestre que se terán en conta na medida que permitan superar ou mellorar os estándares e competencias traballados nas avaliacións previas.</p> <p><u>5°B</u></p> <p>Instrumentos:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Resolución de exercicios e problemas. • Gravacións.
Cualificación final	<p>Media aritmética entre as notas numéricas de cada unha das avaliacións pasadas. Poderase subir a nota final ata un punto, en función do traballo realizado polo alumnado dende que se suspenderon as clases presenciais.</p>

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre(recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades

5º A

Cunha periodicidade semanal, dende o 16 de marzo ata o 8 de maio propúxoselle ao alumnado a realización de actividades de repaso e reforzo fundamentalmente. Ademais, recomendouse algunha tarefa de iniciación a aprendizaxes de ampliación de carácter esencial.

A partir do día 8 de maio estamos a traballar cos criterios e estándares anteriormente mencionados (apartado 1), empregando os medios de información ás familias e os recursos que describo a continuación (apartado 4).

A recepción, revisión e corrección de actividades efectúase a través do correo electrónico corporativo ou de servizos de mensaxería telefónica e con diferentes formatos de documento ou imaxe (segundo o alumnado as realice a través de programas informáticos ou á man e segundo as súas posibilidades de conexión).

Nestes momentos o criterio fundamental para o esbozo das actividades é o da flexibilidade. A secuencia didáctica tenta responder en todo momento á diversidade de estilos de aprendizaxe, de situacións familiares e de medios tecnolóxicos existentes, tendo que variarse nalgúns casos a complexidade, formato ou medio de revisión de mutuo acordo coas familias.

Pódense consultar na Aula Virtual do centro na seguinte ligazón:

<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplagostelle/aulavirtual2/course/view.php?id=11>

5º B

Realizaranse tarefas en situacións-problema nas que o alumnado debe resolver facendo un uso axeitado dos distintos tipos de coñecementos, destrezas, actitudes e valores.

Propóñense exercicios que se engloban dentro de actividades para ter un produto social relevante ao final do proceso de ensino-aprendizaxe.

Dende o 16 de marzo ata o 8 de maio estivemos facendo actividades e exercicios de repaso e reforzo. Tamén había ma-

	<p>material para reforzar contidos a través de Jclics, Edilims e outros recursos que ofrecen feedback ao alumnado. O alumnado que non traballaba na AV recibía ese reforzo a través de outros medios acordados coa titora. Tentouse personalizar ao máximo as propostas tendo en conta os medios e recursos cos que contaban as familias.</p> <p>A partir do día 8 de maio traballamos cos criterios e estándares das áreas que se recollen neste documento. Faise a través da aula virtual na zona de prácticas onde hai recursos en Edilim e Jclíc para facilitar o traballo autónomo do alumnado ao tempo que a titora o pode supervisar.</p> <p>Fíxose unha poda curricular tendo en conta a situación que estamos a vivir para poder asegurar todas as etapas do proceso de ensinanza aprendizaxe. As propostas de actividades e dos tempos e realidades das 13 familias son as que marcan o ritmo de traballo do grupo.</p> <p>Envíase cada semana unha folla de ruta de traballo dentro da aula virtual e tamén para guiar ao alumnado que imprime as tarefas e as fai sen empregar a aula virtual. Para enviar as actividades para se revisadas poden facelo por correo electrónico, WhatsApp ou a través de Moodle.</p> <p>Para traballar os estándares enunciados anteriormente faranse propostas globais e tentando introducilas con elementos motivadores para o alumnado.</p>
<p>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</p>	<p><u>Métodos:</u></p> <p>Os métodos utilizados parten da perspectiva da/do docente como persoa orientadora, promotora e facilitadora do desenvolvemento competencial no alumnado. Haberá tamén prácticas de traballo individual no que se terá en conta a atención á diversidade e o respecto polos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe.</p>
<p>Materiais e recursos</p>	<p><u>5º A</u></p> <p>Materiais elaborados polo titor, recursos recomendados polo curso aberto do INTEF “Recursos para el aprendizaje en línea”, libros dixitais, vídeos explicativos, fichas autocorriables, dicionarios, xogos didácticos ... Pódense consultar na Aula Virtual do centro na seguinte ligazón :</p> <p>https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplagostelle/aulavirtual2/course/view.php?id=11</p>

	<p><u>5° B</u></p> <p>Materiais elaborados pola docente a partir de diferentes fontes bibliográficas.</p> <p>Os materiais están organizados nun curso na aula virtual do centro educativo que se poden consultar na seguinte dirección na rede: https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplagostelle/aulavirtual2/course/view.php?id=12 por usuarios rexistrados no curso.</p> <p>Ata a semana do 4-8 de marzo non tivo todo o alumnado os libros de texto por estar na escola. Non se fixeron propostas de seguir o libro para non marcar diferencias e tendo en conta sempre a diversidade funcional do alumnado.</p>
--	--

4. Información e publicidade	
<p>Información ao alumnado e ás familias</p>	<p><u>5° A</u></p> <p>A información e actividades chegan ás familias semanalmente, por distintos medios segundo as súas posibilidades de conexión (Aula Virtual do centro, correo electrónico, servizos de telefonía, servizo de impresión do Concello ...). As 14 familias dispoñen do número de teléfono e do correo electrónico corporativo do titor co obxectivo de manter un contacto regular co alumnado e coas propias familias. Deste xeito tentamos lograr o “feedback” e a revisión/corrección das tarefas.</p> <p><u>5° B</u></p> <p>Cada semana a titora envía un audio explicando todas as tarefas, como facelas, informacions ás familias... Dende a semana 4-8 de maio realizase tamén unha folla de ruta. Dende a titoría falouse con todas as familias en varias ocasións. O alumnado ten un correo electrónico e un número de teléfono onde poden pórse en contacto coa titora para resolver dúbidas, entregar tarefas...</p> <p>Fíxose tamén unha enquisa ás familias para realizar unha avaliación do traballo realizado dende a titoría ata o momento. Faise para poder corrixir disfuncionalidades e manter aspectos no proceso de ensino telemático que son útiles e idóneos.</p>
<p>Publicidade</p>	<p><u>5° A</u></p> <p>Publícanse cada semana as “follas de ruta” e as actividades nun curso aberto polo centro educativo na Aula Virtual para todas as familias.</p>

5° B

Publícase cada semana a folia de ruta co traballo semanal: tarefas, directrices... nun curso na aula virtual do centro, creado para as familias. Temos un curso concreto no que está todo o traballo realizado ata o momento ao que se accede con usuario e contrasinal. Aparecen os contidos, recursos, tarefas propostas, resolucións, foros, reforzos...